PRESENTACIÓN DA PUBLICACIÓN

*"Estudo da inserción laboral dos titulados en **Másteres** no Sistema Universitario de Galicia 2011-2012" (EILMasteres1112)*

Data: 14 de decembro
Hora: 11:30 h.
Lugar: sede da ACSUG

1. Introdución

" As ensinanzas de máster teñen como finalidade a adquisición polo estudante dunha formación avanzada, de carácter especializado ou multidisciplinar, orientada á especialización académica ou profesional, ou ben promover a iniciación en tarefas de investigación"

(RD 1393/2007, do 29 de outubro)

Obxectivos específicos do estudo

Obter información e analizar:

- A percepción dos **titulados en másteres no SUG** sobre a formación e a universidade
- As características da situación laboral dos **titulados en másteres no SUG**: acceso ao emprego e condicións laborais

Estrutura do estudo

- **Resultados** da poboación titulada en másteres **para o SUG e por ramas de coñecemento**
- A inserción laboral do **Máster universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas**
- Comparativa cos estudos anteriores

2. Datos técnicos do estudo

Ámbito	Sistema Universitario de Galicia: UDC, USC e UVI
Unidade de mostraxe/ Unidade informante	Titulados en **170 másteres** no curso académico 2011-2012
Poboación	2.728 titulados
Mostra	1.907 enquisas
Mostraxe	Realizouse un estudo exhaustivo
Erro de mostraxe	Cun nivel de confianza do 95%, obtívose un erro de mostraxe do +/-1,23
Recollida da información	Entrevista telefónica asistida por ordenador (CATI)
Datas recollida da información	17.06.2015 ata 21.07.2015

Táboa 1. Ficha técnica do estudo.

Universidade	Poboación 2011-2012	Mostra 2011-2012
A Coruña	594	415
Santiago de Compostela	925	628
Vigo	1.209	864
SUG	**2.728**	**1.907**

Táboa 2. Titulados en másteres no SUG no curso académico 2011-2012. Tamaño de poboación e mostra por universidade e para o total do SUG.

3. Resultados

Motivación para realizar o máster	% titulados en másteres 2011-2012 no SUG
Complementar a formación académica (investigación)	31,9%
Complementar a formación académica (traballo)	63,7%
Detectar necesidades formativas na experiencia laboral anterior	3,4%
Era necesario ou obrigatorio para o futuro emprego	15,0%
Outros	2,4%

Táboa 3. Motivos para realizar o máster. Resultados para o total do SUG.

As motivacións principais dos titulados en másteres no SUG para realizar estudos de máster son, **complementar a formación académica para obter unha maior especialización no mercado de traballo** (63,7%) e **complementar a formación académica previa para realizar o doutoramento e dedicarse á investigación** (31,9%)

3. Resultados

Motivación	Artes e Humanidades	Ciencias	Ciencias da Saúde	Ciencias Sociais e Xurídicas	Enxeñaría e Arquitectura	SUG
Complementar a formación académica (investigación)	54,0%	57,3%	49,5%	20,0%	26,9%	31,9%
Complementar a formación académica (traballo)	54,7%	49,1%	53,6%	65,7%	76,8%	63,7%
Detectar necesidades formativas na experiencia laboral anterior	3,1%	3,2%	1,8%	3,7%	4,0%	3,4%
Era necesario ou obrigatorio para o futuro emprego	3,1%	3,2%	3,6%	27,0%	4,0%	15,0%
Outros	4,3%	2,7%	2,7%	1,7%	2,9%	2,4%

Táboa 4. Motivos para realizar o máster. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

Por ramas de coñecemento, o motivo de **complementar a formación académica para obter unha maior especialización no mercado de traballo** é maioritariamente nas ramas de Enxeñaría e Arquitectura (76,8%), Ciencias da Saúde (53,6%) e Ciencias Sociais e Xurídicas (65,7%).

Destacan as ramas de coñecemento de Artes e Humanidades (54,0%) e Ciencias (57,3%) onde existen unhas maiores porcentaxes que sinalan como motivo principal **complementar a formación de cara á investigación**.

3. Resultados

Actividade laboral previa á realización do Máster e no momento de comenzar este						
Rama de coñecemento	**Nin traballou nin buscou emprego**	**Buscou emprego e non o atopou**	**Traballou**	**Non traballaba ao comezar o máster**	**Deixou o traballo para facer o máster**	**Simultaneou traballo e máster**
Artes e Humanidades	30,4%	7,5%	62,1%	26,0%	5,0%	69,0%
Ciencias	37,3%	11,4%	51,4%	28,3%	14,2%	57,5%
Ciencias da Saúde	35,0%	10,5%	54,5%	26,7%	5,8%	67,5%
Ciencias Sociais e Xurídicas	23,4%	10,3%	66,3%	34,7%	12,2%	53,2%
Enxeñaría e Arquitectura	20,5%	9,6%	69,9%	17,2%	8,4%	74,4%
SUG	**26,4%**	**10,1%**	**63,6%**	**28,8%**	**10,3%**	**60,9%**

Táboa 5. Actividade laboral previa ao máster e no momento de comenzar este. Resultados para o total do SUG.

Un 63,6% dos titulados en másteres no SUG xa **traballaban con anterioridade á realización do máster**, acadando as porcentaxes máis altas nas ramas de Enxeñaría e Arquitectura (69,9%) e de Ciencias Sociais e Xurídicas (66,3%). A maioría, un 60,9%, **simultanearon o traballo co máster**, atopándose as porcentaxes máis altas nas ramas de Enxeñaría e Arquitectura (74,4%) e Ciencias da Saúde (67,5%).

3. Resultados

Actividade laboral posterior ao Máster



Figura 1. Situación laboral desde a finalización do máster. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

Un 93,3% dos titulados de máster **traballaron nalgún momento desde que remataron o máster**, porcentaxe que se divide nun 77,7% que **traballa actualmente (4,2% máis que no estudo anterior)** e un 15,7% que **non traballa pero si o fixo desde que acabou o máster**.

Menos do 7% dos titulados **non traballaron en ningún momento desde que remataron o máster**.

3. Resultados

Tempo medio en atopar emprego



Figura 2. Número medio de meses trasncorridos desde a finalización do máster ata atopar emprego. Resultados por rama de coñemento e para o total do SUG.

O **tempo medio** para que un titulado do SUG atope **o seu primeiro traballo despois de rematar o máster** é de 7,71 meses.

Por ramas de coñecemento os titulados que acceden máis axiña ao mercado laboral son Enxeñaría e Arquitectura (7,30 meses) e Ciencias (7,56 meses).

3. Resultados

Competencias requiridas no mercado laboral



Figura 2. Competencias requiridas no mercado laboral. Resultados por para o total do SUG.

As competencias consideradas como máis importantes polos titulados para a obtención dun emprego son:

a **capacidade de asumir responsabilidades**, a **capacidade para resolver problemas** e a **comunicación oral e/ou esc**rita.

3. Resultados

Actividade laboral actual (no momento de realizar a enquisa)

Rama de coñecemento	Traballa na actualidade	Non traballa, pero busca emprego	Nin traballa, nin busca emprego
Artes e Humanidades	73,9%	17,4%	8,7%
Ciencias	72,7%	15,9%	11,4%
Ciencias da Saúde	79,5%	10,9%	9,5%
Ciencias Sociais e Xurídicas	76,7%	17,3%	6,0%
Enxeñaría e Arquitectura	83,5%	12,8%	3,7%
SUG	**77,7%**	**15,5%**	**6,8%**

Táboa 6. Situación actual (no momento de realizar a enquisa). Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

Un 77,7% dos titulados en másteres no SUG **traballaba no momento da realización da enquisa**, mentres que un 15,5% non traballaba pero estaba á procura de emprego e un 6,8% dos titulados **nin traballaba nin buscaba emprego**.

As ramas de coñecemento que presentan as porcentaxes máis altas de titulados en másteres que traballaban son Enxeñaría e Arquitectura (83,5%) e Ciencias da Saúde (79,5%). Analizando a situación dos titulados que non traballan e tampouco buscan emprego, destacan as porcentaxes de titulados que **realizan outros estudos** (3,5%), principalmente de doutoramento e de grao e **están a preparar oposicións**, un 2%.

3. Resultados

Relación do posto de traballo co Máster

Rama de coñecemento	Nada relacionado	Pouco relacionado	Algo relacionado	Bastante relacionado	Moi relacionado
Artes e Humanidades	20,2%	12,6%	10,1%	16,8%	40,3%
Ciencias	25,0%	6,9%	7,5%	15,6%	45,0%
Ciencias da Saúde	27,4%	14,9%	14,9%	18,3%	24,6%
Ciencias Sociais e Xurídicas	29,3%	12,3%	14,3%	15,8%	28,3%
Enxeñaría e Arquitectura	25,9%	13,4%	13,1%	19,5%	28,1%
SUG	**27,1%**	**12,3%**	**13,0%**	**16,9%**	**30,6%**

Táboa 7. Grao de relación entre o posto de traballo e o máster. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

Un 47,5% dos titulados en másteres no SUG afirman que **o seu traballo está bastante ou moi relacionado co máster que cursou.**

Por ramas de coñecemento, os maiores niveis de vinculación entre o traballo e o máster danse nas ramas de Ciencias, cun 60,6% e de Artes e Humanidades, cun 57,1%.

Lugar de traballo (no momento de realizar a enquisa)



Figura 3. Lugar de traballo. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

A gran maioría dos titulados en másteres no SUG **traballa en Galicia** (86,2%) no momento da realización da enquisa.

Fóra da comunidade galega o 11,3% dos titulados atópase traballando no resto de España, e o 2,5% fóra de España, dos que a maior parte proceden de países pertencentes á Unión Europea.

Salario



Figura 4. Salario medio por sexo. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

O **salario medio da poboación titulada** en másteres no SUG é de 1.203,75 euros.

Por ramas de coñecemento os titulados que perciben un maior salario medio son os da rama de Enxeñaría e Arquitectura, con 1.349,33 euros, ao igual que ocorría no estudo anterior (EILMasteres1011).

3. Resultados

Comparación coa situación laboral previa ao Máster



Figura 5. Diferenza entre o salario medio por sexo no traballo previo ao máster (deflactado) e no traballo actual. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

O salario medio incrementouse de xeito importante para os titulados en másteres do SUG, 125,99 euros en termo medio.

A mellora salarial foi máis importante para as mulleres ca para os homes. Mentres que para os homes o salario medio se viu incrementado en 94,17 euros tras a realización do máster, para as mulleres ese aumento chega ata os 144,98 euros por termo medio.

3. Resultados

Valoración global



Figura 6. Volvería a realizar o máster. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

Os titulados en másteres no SUG están satisfeitos co máster realizado, un 77,3% **volverían a realizar o máster**.

Por ramas de coñecemento, destacan Ciencias Sociais e Xurídicas (78,7%) e Artes e Humanidades (78,3%).

4. M.U. en Profesorado

Máster universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas

Especialidades:

- **Ciencias Experimentais:** Bioloxía-Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas, Informática, Tecnoloxía e Educación Física
- **Artes:** Artes Plásticas e Visuais, Artes Plásticas e Música, Arte e Debuxo
- **Linguas e Literatura:** Lingua e Literatura Galega, Lingua e Literatura Castelá e Linguas Estranxeiras
- **Ciencias Sociais e Humanidades:** Ciencias Sociais e Humanidades, Xeografía e Historia
- **Formación Profesional:** Formación Profesional e Orientación Laboral, Sector Primario e Secundario, Sector Servizos e Orientación Educativa

Universidade	Titulados en másteres 2011-2012		
	Total SUG	M.U. en Profesorado	%
A Coruña	594	149	25,1%
Santiago de Compostela	925	183	19,8%
Vigo	1.209	206	17,0%
SUG	**2.728**	**538**	**19,7%**

Táboa 9. Poboación no Máster universitario en Profesorado no curso 2011-2012. Resultados por universidade e para o total do SUG.

Mostra total acadada: 373 (102 (UDC), 127 (USC) e 144 (UVI))

4. M.U. en Profesorado

Perfil da persoa titulada no Máster universitario en Profesorado

- É **preciso ou obrigatorio para desempeñar o futuro emprego** (61,4%) é o motivo principal para cursalo.
- En canto á situación laboral no momento de iniciar o máster, un **63,5% dos titulados xa traballaron con anterioridade a este**. Un 45,6% **simultanearon o traballo co máster**.
- As vías de busca de emprego máis utilizadas son **a candidatura espontánea** (80,2%) seguida dos **portais web de emprego** (78,3%).
- As competencias consideradas como máis importantes son **a comunicación oral/escrita** (4,45), a **capacidade de asumir responsabilidades** (4,41) e **a capacidade para resolver problemas** (4,38).
- O **tempo medio en atopar o primeiro traballo** despois do máster é de 8,56 meses.
- Un 92,8% **traballaron nalgún momento desde a finalización do máster**, nun 71,6% que traballa actualmente.
- A gran maioría traballa en Galicia (87,6%) e faino **cun contrato por conta allea** (81,6%). Dentro dos titulados que traballan por conta allea, un 39,1% conta cun **contrato fixo**.
- Un 87,7% dos titulados no Máster universitario en Profesorado **volverían realizar o máster**.

GRAZAS

POLA VOSA ATENCIÓN

Páxina web: ***www.acsug.es/gl/insercion***

Correo electrónico: ***insercion.laboral@acsug.es***